

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****BAIONA****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***BASES CONCURSO ALFOMBRAS CORPUS 2016**A N U N C I O**“APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO DAS ALFOMBRAS FLORAIS DO CORPUS CHRISTI 2016 DE BAIONA”*

Que con motivo do concurso das alfombras florais do Corpus Christi Baionés 2016, esta Alcaldía-Presidencia:

R E S O L V E :

PRIMEIRO.—Aprobar as bases reguladoras do concurso das alfombras florais 2016, que din textualmente:

“PRIMEIRA: Establécense como zonas de execución do Certame das Alfombras Florais 2016, as seguintes Rúas:

- 1.—RÚA MANUEL VALVERDE.
- 2.—RÚA CONDE I (dende a praza das Teresinas ata o cruce coa rúa do Reloxo).
- 3.—RÚA CONDE II (dende a rúa do Reloxo ata a rúa A Guarda).
- 4.—RÚA CONDE III (dende a esquina da rúa A Guarda ata o nº 1 de rúa Conde).
- 5.—RÚA VENTURA MISA I (dende a Praza do Cine ata o Concello Vello).
- 6.—RÚA VENTURA MISA II (dende o Concello Vello ata o cruce coa rúa do Reloxo).
- 7.—RÚA VENTURA MISA III (dende a rúa do Reloxo ata a rúa Lorenzo de la Carrera).
- 8.—LORENZO DE LA CARRERA I (dende esquina rúa Ventura Misa ata Capela Misericordia).



9.—LORENZO DE LA CARRERA II (dende a Capela da Misericordia ata a a Praza das Teresinas).

10.—RÚA SAN LORENZO.

11.—RÚA SAN XOÁN I (dende a esquina de San Lorenzo ata O Candil).

12.—RÚA XAN XOÁN II (dende O Candil ata Santa Liberata).

13.—RÚA SANTA LIBERATA I (dende as escaleiras da rúa Manuel Valverde ata rúa San Xoán).

14.—RÚA SANTA LIBERATA II (dende a esquina da rúa San Xoán ata a entrada da Igrexa de Santa María).

Como Altares, establécense:

15.—ALTAR DA PRAZA DAS TERESINAS

16.—ALTAR DA PRAZA DO CINE VELLO (esquina Ventura Misa-Conde)

17.—ALTAR DA CAPELA DA MISERICORDIA

18.—ATRIO DA IGREXA DE SANTA MARIA DE BAIONA

SEGUNDA: A inscrición para participar, deberá formalizarse na Oficina de Rexistro do Concello dende a data de publicación no BOP ata o 27 de maio de 2016, ámbolos dous inclusive, en horario de 9 a 14 h. Na solicitude deberá figurar o contido e deseño das alfombras (tema relixioso, formas xeométricas, etc).

Xunto coa solicitude de inscrición é obrigatorio a presentación da seguinte documentación:

- CIF da Asociación ou DNI dun representante da alfombra floral no caso de grupos informais.
- Certificado de conta bancaria da Asociación ou dun representante da alfombra no caso de grupos informais.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado.
- Declaración responsable da exención do IVE se fóra o caso, segundo impreso normalizado.

TERCEIRA: A Procesión do Corpus coincide este ano o domingo 29 de maio e ás 12:00h da maña terán que estar rematadas todas as alfombras presentadas a concurso.



CUARTA: Constituirase un só equipo por cadansúa zona. Os compoñentes de cada equipo elixirán entre sí un representante como responsable da organización, xestión, finanzas, etc.,. A organización reservase o dereito a selecciona-las inscricións que escollan a mesma rúa ou praza para facer as alfombras.

QUINTA: A confección das alfombras, poderá comezar a partir das dez da noite da véspera da Procesión, hora na que quedarán pechadas ao tráfico as devanditas zonas.

SEXTA: O confecciona-las alfombras deixarán a ámbalas dúas beiras, unha marxe suficiente que permita a libre circulación das persoas.

OCTAVA: Poderá empregarse calquera elemento natural (follas, cascas, palla, serrín, café, sal, funcho, etc.) pero deberán predomina-las flores naturais.

NOVENA: As Alfombras deberán ser continuas e non intermitentes no tramo seleccionado, axustándose a descrición da rúa escollida na instancia presentada no rexistro.

DÉCIMA: A Concellería de Cultura de Baiona e ACEBA coa intención de fomenta-la participación dos colectivos implicados na confección das alfombras florais, outorgará unhas axudas directas a cada participante, con cargo á aplicación orzamentaria 330-48100 do Orzamento Xeral de 2016 e cos seguintes importes:

- 200 euros por alfombra (cunha dimensión mínima de 40 metros lineais).
- 50 euros por alfombra na zona dos altares (cunha dimensión mínima de 3x3 metros lineais).
- Estas axudas outorgaranse sempre que se cumpran os requisitos das presentes bases.
- A participación no certame supón a aceptación das presentes bases.

ONCEAVA: O Xurado estará integrado por persoas do mundo da cultura, a música, ás letras, etc., designadas polo Concello e por ACEBA respectivamente, e este poderá declarar as axudas desertas no caso de non reunir uns requisitos mínimos de calidade esixidos, así coma, diminuír a contía das axudas outorgadas pola participación, no caso de falta de méritos de valoración claros e específicos, como de dificultade, orixinalidade, ou calidade, ou calquera circunstancia que sexa relevante de penalización”.

SEGUNDO: Ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincial de Pontevedra.

Baiona, 27 de abril de 2016.—El Alcalde, Ángel Rodal Almuiña.

